

Laudes, Hora Intermedia, Vésperas, Completas e Comúns dos Santos; Misal: Ordinario da misa, Prefacios, Pregarias Eucarísticas e Comúns dos Santos; Lecturas de todos os días do ano litúrxico; Oracións varias e os Rituais do Bautismo, Matrimonio, Unción de enfermos e Comunión.

Podemos dar grazas ao Señor de que os crentes de Galicia poidan dispoñer dunha nova ferramenta para orar, escoitar a súa Palabra e loar a Deus en calquera momento e lugar en que se atopen.

Para dispoñer desta Aplicación *IBreviary* no teu móbil debes seguir estas normas:

- 1.- Abrir Play Store (ou a aplicación correspondente de iphone)
- 2.- Buscar *IBreviary*
- 3.- Instalar
- 4.- Abrir *IBreviary*
- 5.- No ángulo superior dereito abrir calquera dos dous símbolos
- 6.- Seleccionar galego e descargar o día ou a semana
- 7.- Premer no día correspondente
- 8.- No ángulo superior esquerdo premer nas 3 liñas para presentar os 5 apartados das opcións.

Aínda que algúns títulos veñen en italiano, o contido está en galego. Iremos mellorando os títulos e completando algunhas partes que faltan.

Xosé F. Martínez Reboiras



Catro cartas de D. Ramón Otero Pedrayo a dous xesuítas galegos

Manuel Cabada Castro¹

A primeira carta (1962), dirixida a Evaristo Rivera Vázquez, está redactada en castelán, mentres que das tres posteriores (1969, 1970 e 1971), dirixidas a Vicente Lousa Rodríguez, dúas están redactadas en galego e unha en castelán.

Fago seguidamente algunhas indicacións sobre o primeiro dos destinatarios, Evaristo Rivera Vázquez, das cartas de Otero Pedrayo.

Nacera o 7 de xaneiro de 1929 en Santa Cruz de Arrabaldo, parroquia do concello de Ourense, lindando case co pazo do chamado patriarca das letras galegas, D. Ramón Otero Pedrayo, de quen foi amigo, co que fixo a súa tese de licenciatura en Historia en Santiago con premio extraordinario e do que recibiu a idea e os impulsos de facer a súa tese de doutoramento sobre o influxo, especialmente educativo, dos xesuítas en Galicia desde os tempos de Santo Ignacio ata a expulsión por Carlos III a mediados do século XVIII. Esta magna pescuda está recollida sobre todo na súa obra sobre Galicia e os xesuítas, que logo mencionarei.

Rivera ingresará na Compañía de Xesús o 7 de decembro de 1946. O seu pasamento ocorrería en Salamanca o 22 de xaneiro de 2017. Os seus primeiros estudos realízaos no Colexio Apóstolo Santiago dos xesuítas (na súa sede de Mondariz e despois en Vigo). Concluídos estes estudos e aprobada a reválida, inicia os

¹ Manuel Cabada Castro, xesuíta, doutor en Filosofía pola U. de Munich, onde foi discípulo de Karl Rahner. Foi profesor na U. Pontificia Comillas e logo na U. Complutense de Madrid ata a súa xubilación en 2005. Tamén foi Secretario de redacción da revista filosófica *Pensamento*. Actualmente reside en Vigo.

seus estudos na Universidade de Santiago, Facultade de Filosofía e Letras, Sección de Historia, aprobando todas as materias deste seu primeiro curso de carreira (1945/46). Ingresa seguidamente no Noviciado da Compañía de Xesús en Salamanca. Tras os dous anos de Noviciado realiza a súa formación normal xesuítica ata rematar os estudos filosóficos na Universidade de Comillas (Santander), onde se licenciara en Filosofía. Retoma seguidamente en Santiago co curso 1954/55 os seus estudos universitarios de licenciatura en Historia, que quedaran interrompidos coa súa entrada no Noviciado xesuítico, ata obter o 25 de outubro de 1958 o grao de licenciado coa cualificación de sobresaliente e Premio Extraordinario tras a presentación do seu traballo de licenciatura co título «O Colexio da Compañía de Santiago de Compostela», dirixido precisamente por D. Ramón Otero Pedrayo. Nos anos posteriores continuará cos seus estudos de teoloxía na Universidade de Comillas. Concluídos estes estudos e tras unha breve estancia en Italia para realizar alí a xesuítica «Terceira Probación», intentará iniciar en Santiago a preparación da súa tese de doutoramento sobre o labor educativo da Compañía de Xesús en Galicia. Porén, tal tarefa investigadora verase non pouco dificultada ao se ter que se dedicar sucesivamente durante varios anos a diversas funcións de goberno, como a de Reitor nos colexios xesuíticos de León e Vigo. Cómpre sinalar isto, porque non se poden considerar sen máis como normais as diversas e repetidas interrupcións ás que estivo sometido nas súas pescudas e estudos universitarios por máis que estivese tamén dotado de sobranceiras dotes de goberno e de empatía coas persoas para realizar outras tarefas. Efectivamente, pouco despois de rematar a súa formación xesuítica, exerceu aínda durante un ano (1964-65) de Socio do Provincial; é Reitor seguidamente (1965-69) no Colexio de León, volvendo despois ao Colexio de Vigo dos seus primeiros estudos xuvenís, agora como profesor e director de COU (1969-73). Un pequeno respiro dun ano se lle permitiu agora para se poder dedicar á preparación da súa tese de doutoramento. Mais este curto acougo remata e de novo torna a Vigo para exercer agora durante sete anos como Reitor do colexio (1974-81). Cando, tras todas estas intensas dedi-

cacións que non lle permitían atender a súa inquietude investigadora, pode por fin chegar a concluír o seu traballo, non é nada estraño que o día 12 de xullo de 1986, na «defensa» da súa tese, manifestase ao seu tribunal de doutoramento que máis dunha vez estivera tentado a abandonala. Faltábanlle só un par de anos para cumprir os sesenta anos. A súa tese de doutoramento (que abarca catro volumes dun total de 1.980 páxinas) na Sección de Historia da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, dirixida polo catedrático Manuel Lucas Álvarez, publicaríase logo co título de *Galicia y los jesuitas. Sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII* (A Coruña, Pedro Barrié de la Maza, 1989). Trala publicación desta obra sería nomeado membro Correspondente da Real Academia da Historia o 26 de xuño de 1992.

Entre outros libros de menor envergadura non se pode esquecer o seu volume *Colegio Apóstol Santiago. Historia de una larga peregrinación* (Vigo, Colegio Apóstol Santiago, 1993) ou o outro, xa menos voluminoso, que leva como título *El sorprendente colegio de Monterrei* (Madrid, ed. Provincia de Castilla de la Compañía de Jesús, 2006). Froito e acompañamento ao tempo destas e outras pescudas súas será xustamente o «Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia», creado por el, que se atopa no Colexio Apóstolo Santiago de Vigo e no que se conservan precisamente (na Caixa «Fondo Otero Pedrayo») os orixinais destas cartas de Otero Pedrayo aos seus destinatarios xesuítas.

Cómpre, neste contexto, poñer suficientemente de relevo algo importante no seu proceso biográfico e investigador. E. Rivera foi paseniñamente decatándose, a través dos seus estudos universitarios, da súa investigación histórica e tamén das súas estancias fóra do territorio galego, de que había algo no labor educativo dos xesuítas en Galicia que non se axeitaba ao que en principio se podería esperar. Pois Galicia, a súa cultura e os modos de ser e de se comportar das súas xentes eran algo diferente do que el podía observar noutros territorios hispanos. Preocupábo e doíalle que non se tomase boa nota desta circunstancia e que non se actuase polo tanto en consecuencia, dada a importancia que polo menos

en principio a Compañía de Xesús lle daba oficialmente á chamada «inculturación». Neste sentido, na súa conferencia de finais do ano 1997 co gallo da inauguración do 125 aniversario do colexio «Apóstolo Santiago» de Vigo, dicía:

«A teima desta data de xúbilo do Colexio é a de 125 anos servindo a Galicia. E está moi ben [...] Pero cómpre non esquecer que a Galicia hai que servila como ela quere e necesita. Para servir a Galicia parece preciso 'inculturizarse' nela, é dicir, coñecer e asumir seriamente a súa cultura, as súas tradicións, os seus costumes, a súa historia e tamén o seu idioma, que é o cerne de toda cultura. Se estas cousas lle deberían tocar a calquera persoa ou institución que viva e traballe en Galicia, moito máis atinxe a un Colexio coma este que é, por definición, un espazo cultural e ten a responsabilidade de educar e formar mozas e mozos galegos chamados a seren os que han pilotar o porvir desta terra».²

A modo de complemento, indico seguidamente outros escritos seus:

A) Achegas en obras colectivas:

- *Monterrey, un proyecto de universidad en la Galicia del siglo XVI*. En *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*. Tomo I (Universidade de Santiago de Compostela - Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1987), p. 273-284.
- *Los jesuitas de Galicia y su presencia en la América española*. En: *Galicia y la evangelización de América. Las Órdenes religiosas* (Varios). Santiago de Compostela, Presidencia da Xunta de Galicia - Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, 1991, p. 193-244.
- *Padre Baltasar Merino (1845-1917)*. En: *Baltasar Merino. Un grande naturalista do Baixo Miño (no 150 aniversario do seu*

nacemento). Monografías da Asociación Naturalista «Baixo Miño», n.º 5 (ANABAM, A Guarda - Pontevedra), 1995, p. 5-16.

- *O irmán xesuíta do Padre Sarmiento*. En: *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*. Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995. Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 1997, p. 469-472.
- *La Compañía de Jesús y sus colegios en Galicia, en tiempos de Felipe II*. En: *El Reino de Galicia en la monarquía de Felipe II* (Coord. Antonio Eiras Roel) (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998), p. 635-649.
- *Breve memoria de Xaime*. En: *O padre Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade. Homenaxe no centenario do seu nacemento (1915-2015)*. Edición de Quico Domínguez, Manuel Cabada, Silvestre G. Xurxo (Vigo, Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos, SEPT, 2015), p. 101-102.

B) Artigos en revistas:

- *La «Ratio Studiorum» de los jesuitas del año 1586 y los colegios de la Compañía en Galicia en el siglo XVI: «Compostellanum»*, vol. XXXI, números 1-2 (1986), p. 259-269.
- *Los jesuitas de Mondoñedo, del siglo XVI al XVIII: «Estudios Mindonienses»* (1987) n.º 3, p. 453-460.
- *A aventura relixiosa e social dos xesuítas en Galicia. Unha reflexión histórico-crítica: «Encrucillada»*. Revista Galega de Pensamento Cristián, n.º 68 (maio-xuño 1990), p. 233/33/244/44.
- *Faustino Boado, un cristián para a lembranza: «Encrucillada»*. Revista Galega de Pensamento Cristián, n.º 75 (novembro-decembro 1991), p. 496/56 - 503/63.

² Remito a Manuel CABADA CASTRO, *Evaristo Rivera Vázquez, un xesuíta sabio e fiel* (7. I. 1929-22. I. 2017): dixital infosj, 6 de febreiro de 2017.

- *De como a Universidade de Comillas xurdiu a carón do río Miño*: «Encrucillada». Revista Galega de Pensamento Cristián, n.º 88 (maio-xuño 1994), p. 242/30-252/40.
- *Introducción: Amoedo y sus circunstancias*. En *Carmen patrium sive Pontevedra de Hermenegildo Amoedo*: «Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales», n.º 11/1995, p. 210-214.
- *Lembrando a Asemblea de bispos e cregos*: «Encrucillada». Revista galega de pensamento cristián, vol. 20, n.º. 100, 1996, p. 127-133.
- *En el IV Centenario de la Escuela Pública de Santiago*: «Compostellanum» vol. XLII, números 3-4 (1997) p. 371-380.
- *El P. Conde, gran misionero jesuita, enterrado en Quindimil, Lugo*: «Lucensia» (Miscelánea de Cultura e Investigación), n.º 20 (vol. X), 2000, Lugo, p. 151-162.

N. B.: Para unha información máis ampla sobre a vida e escritos (tamén inéditos) de Evaristo Rivera Vázquez, remito á miña *Introducción á edición* (2018) na «Biblioteca Virtual» de «Galicia Dixital» do manuscrito, ata entón inédito, de Evaristo Rivera, *Diario de un novicio*.

Presento xa seguidamente a carta de Otero Pedrayo dirixida a Evaristo Rivera, non sen antes indicar que un ano antes da mesma lle remitira xa ao xesuíta unha separata do seu artigo *La Iglesia y la vida religiosa en Orense durante el siglo XIX* («Cuadernos de Estudios Gallegos», fascículo XLVI, 1960, pp. 191-203)) coa seguinte dedicatoria: «*Con un recuerdo al P. Evaristo Rivera. R. Otero Pedrayo. Trasalba mayo del 61*».

I. Carta a Evaristo Rivera Vázquez

Esta carta, enviada por Otero Pedrayo (segundo se le no sobre da mesma) desde Trasalba (Ourense) a Evaristo Rivera V., S. J., ten o seguinte enderezo postal: Residencia de la Compañía de Jesús.

Serranos, 2. Salamanca. Porén, sería remitida posteriormente a estoutro enderezo: Villa San Ignacio, Via Benedetto de Maiano, 27. Firenze (Italia). Nesta cidade italiana estaba a realizar efectivamente por entón (1961/62) E. Rivera a denominada «Terceira Probación» xesuítica tras rematar no ano anterior os seus estudos de teoloxía na Universidade Comillas (Santander).

Trasalba 27 de abril de 1962

Sr. Dn. Evaristo Rivera S. J.
Salamanca

Mi querido y recordado amigo: Leí con verdadera emoción su carta inspirada en vieja y leal amistad de tierra y de aula. Hace unos días estuve en Santiago. Creo que a Santiago y al espíritu compostelano fue debida en esencial parte la adjudicación del premio «Galicia». Se ha querido, sin duda, la intención y la perseverancia. Ahora, de viejo, contemplo mi labor como algo difuso, incoado y disperso. No se puede volver atrás —iba escribir «voltar» en gallego— e intentar una profunda novela o un ensayo sobre algo esencial hasta la raíz.

El viento de las sierras ondea los centenos, las viñas prometen excelente floración. El año parece responder a buen augurio.

Algún día si Dios lo quiere me contará Vd. sus impresiones de la luz y los cipreses y los pintores de esa Toscana tantas veces imaginada por mí en los días de la boga de Ruskin, de D'Annunzio, de los grandes historiadores del Renacimiento. Me consuelo mirando desde el Rodeiro los Chaos de Amoeiro en los que creo percibir el fino dibujo toscano.

En febrero, con muy buen tiempo de sol y luna llena misionaron, muy bien, en esta parroquia los P.P. Galiño y Segundo, amigos de Vd. de la Residencia de Santiago.

Mucha huella romana y prerromana habrá descubierto en la tierra de Cáceres. Hoy se desenvuelve con mucho brío, en un estilo diferente del de Badajoz.

Deseo para Vd. las máximas satisfacciones del espíritu y «ex corde» le reitero mis gracias. Un abrazo del viejo amigo y paisano q. b. s. m.

Ramón Otero Pedrayo

N. B.: Otero alude nesta carta ós xesuítas Galiño e Segundo, misioneiros populares que residían (cando non estaban a actuar directamente en misións populares concretas) na Residencia xesuítica de Santiago. Segundo Rodríguez del Busto (1899-1984) era asturiano, nado en Perlora (aludo a el no meu escrito *Crónica de un encuentro-desencuentro cultural. Análisis antropológico de las misiones populares jesuíticas en Galicia*, Madrid, 2015, p. 108). En canto a Manuel Galiño Lago (1902-1967) nacera en Vigo e falecería tamén nesta mesma cidade.

II. Cartas a Vicente Lousa Rodríguez

Antes de presentar as cartas de Otero Pedrayo ao xesuíta Vicente Lousa Rodríguez, indicarei tamén seguidamente algúns datos biográficos sobre este.

Nado en Betanzos (Coruña) o 23 de setembro de 1924, finaría en Salamanca o 4 de agosto de 2008. Entrara na Compañía de Xesús o 18 de agosto de 1940, recibindo a orde presbiteral o 15 de xullo de 1954. As súas primeiras actividades apostólicas están en relación coas misións populares (chegando a ser incluso posteriormente Prefecto de Misións Populares) e tamén co seu cargo de capelán militar en Ceuta durante dous anos. Mais o seu modo de ser era apto tamén para poder exercer cargos de goberno. Desempeñou así en diversas épocas cargos directivos en distintas casas xesuíticas de Santiago de Compostela (de 1968 a 1972) ou na Coruña (de 1972 a 1978). Durante doce anos exercerá seguidamente a súa actividade apostólica en Vigo, seis deles á fronte da Residencia xesuítica de Vigo, residindo posteriormente de 1990 a 1997 en Xixón e, despois, de 1997 ata ben entrado o ano 2008, en Santander. Salamanca será o seu último destino, falecendo nesta cidade nese mesmo ano. Nunha crónica interna (non publicada)

remitida ás diversas casas xesuíticas, escrita tras o seu pasamento por Luis López-Yarto Elizalde, dise acerca de Lousa que salientaba pola «súa gran capacidade de traballo» e pola súa «fortaleza». Velaquí algunhas informacións do mencionado escrito:

«El desenlace de su enfermedad ha sido sumamente rápido, como él dijo que deseaba ante el Equipo de cuidados paliativos que le visitó [...] Cuando le propusieron un internamiento hospitalario, prefirió quedarse en casa. Rechazó también ser sedado con morfina, porque prefería permanecer lúcido hasta el final, como ha sucedido [...] De gran fortaleza hasta el final, murió, como habían predicho de él los que le conocían, con las botas puestas. Muy enfermo, aún se animaba a celebrar, con gran fiesta, los ochenta años de su hermana».

Cómpre engadir que, a pesar da súa intensa vida activa, foi quen de publicar algúns escritos en forma de libro, como *Ignacio de Loyola* (Santander, América Grafiprint, 2001) ou *Vida de San Francisco Javier* (Burgos, Monte Carmelo, 2006).

Lousa tiña, polo demais, unha mentalidade aberta e progresista. Sobre o seu galeguismo e sobre a súa amizade co tamén galeguista e xesuíta Xaime Seixas remito á miña publicación *O Padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista* (Vigo, Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT) / Editorial Galaxia, 2013), p. 190, onde se indica que, co gallo do pasamento de Seixas e da súa inhumación en Vigo no ano 1994, foi precisamente Lousa o que presidiu e dirixiu a liturxia correspondente, realizada integralmente en lingua galega.

Cómpre indicar, polo demais, que as cartas que Otero Pedrayo lle dirixe a Lousa, cando este era Superior relixioso (de 1968 a 1972) na Residencia xesuítica de Santiago, ocorren nunha época de non pequenos problemas universitarios (folgas estudiantís etc.) de orixe fundamentalmente política nesa cidade. Teñen datas dos anos 1969, 1970 e 1971 e están dirixidas ao mesmo enderezo postal da rúa San Agustín, 1 de Santiago de Compostela onde Vicente Lousa era, segundo se indica nos respectivos enderezos, «Superior de las Obras de la Compañía de Jesús» nesa cidade.

En canto á temática das tres cartas dirixidas a V. Lousa hai unha constante nas mesmas que está en relación, por unha parte, co agradecemento do persoeiro ourensán ao xesuíta polas crónicas ou «Anuarios» xesuíticos (que eran elegantemente editados en Roma e posteriormente enviados ás diversas comunidades xesuíticas do mundo), fielmente remitidos a el por Lousa a comezos de ano, e, por outra parte, coa insistente presenza do pensamento e experiencia da idade provecta, da vellez, nos escritos a Lousa de Otero. Son cartas, efectivamente, que este escribe xa nos primeiros anos da década dos seus oitenta anos de vida (falecería con oitenta e oito anos)

Velaquí, pois, xa o texto da primeira carta:

Ourense 5 do marzal do 1969

Sr. D. Vicente Lousa Domínguez³, S. J.

Meu Sr. e querido amigo: Día 28 derradeiro diste bon mais rabudo Febreiro, en Trasalba, na grande noite bogada⁴ por vellos arbres fíxome moi boa compañía, a millor, a Corónica da Compañía, fino regalo de Vde que moito agradezo. Pois aparte do consóo e forteza que conceden ó ánemo os exemplos dos Xesuítas, hai nisa leutura moitas horas e momentos do mundo, nunha aitoalidá do espírito pelingrinando por terras e mares. E a alegría de mirar as puras testas xuveniles de todas as razas abezoadas pola man. Sinálalles o camiño e lévaos en dereitura a enxergar pra o propio corazón.

Eu amo moito a Compostela. E as veces nos desvelos de vello formo itinerarios de paseos nos que sempre me chego ó crasicismo de S. Agustín e saúdo un intre a un Pai ou alumno da Compañía. E falamos da Virxe da Cerca, e do P. Gándara matinando xenealoxías

3 Simple lapsus cálamí de Otero, pois o segundo apelido de Vicente Lousa non é «Domínguez» senón «Rodríguez».

4 Agradezo a Henrique Monteagudo terme aclarado (24.V.2021), ante as miñas dúbidas, ser esta a correcta versión literal da palabra «bogada» do manuscrito de Otero Pedrayo. Coméntame aínda en relación con isto: «a imaxe é a das árbores que abanean ritmicamente co vento e parece que están vogando, remando a nave da noite. Otero era un poeta extraordinario».

e dos tempos dos Altamira, donos de ises eidos, e súas sonoras trampas cinexéticas.

Escribolle finando o día en que, pola bondade de Deus, enteiro os 81 anos. Estiven ledo e calmo. E pensei moito nos amigos que se foron.

Con meus saúdos ó P. Brandariz, e en xeneral ós mestres de isa piadosa, curtés e douta Casa, sempre de Vde vello amigo e s. q. b. s. m.

Ramón Otero Pedrayo

N. B.: No último parágrafo desta carta alude Otero ó xesuíta Francisco Brandariz Caamaño (1912-1999) co que el estaba ben relacionado polo menos desde que no día 13 de febreiro de 1965 (ou sexa, catro anos antes desta carta) puido el impartir no Colexio Mayor «San Agustín» de Santiago, do que era director Brandariz, unha celebrada conferencia tras a correspondente invitación por parte do xesuíta. O propio Brandariz lembra o acto dese día deste xeito:

«Esta 'Tarde de Sábado' iba a ser muy especial. A la vez festiva y seria y, en el ambiente de entonces hasta discretamente provocativa. Hubo canciones impactantes y danzas populares gallegas y ritos ancestrales, pero lo más importante fue la Conferencia en el Aula Magna de un veterano intelectual, símbolo entonces de la Cultura Gallega en España, D. Ramón Otero Pedrayo. En su cadencioso gallego, culto y popular, habló de 'Galicia nas festas' ante un salón abarrotado que aplaudió con entusiasmo. Como sobremesa última de la cena colegial improvisó una maravillosa charla, al resplandor de las quemadas, sobre el significado de 'A noite e o fogo nas festas galegas' que de manera espontánea hizo surgir en todos un emocionado 'Que din os rumorosos na costa verdecente'...» (Memorias de un Jesuita Gallego. Francisco Brandariz Caamaño, SJ, León, Compañía de Jesús Provincia de Castilla, 2001, p. 118).

* * *

O texto da segunda carta ten igualmente como remitente Otero Pedrayo, residente en rúa Paz, 25 de Ourense. Velaquí o seu texto:

Orense, 30 de marzo de 1970

Rev. P. Vicente Lousa Rodríguez
Santiago de Compostela

Muy Sr. mío y respetado amigo:

Acabo de recibir el rico presente del último Anuario de La Compañía. Ya estoy deseando recorrer sus densas páginas. Ellas, como las de los pasados, tendrán en el círculo y efecto de mis lecturas una virtud singular y muy particularmente amada y esperada de los ancianos como yo: la compañía, la sociedad, la «comunicación» discreta y afectuosa. Sin magisterios y escuelas. De alma a alma. La larga, extensa y reiterada experiencia psicológica de los Jesuitas, con todas las gentes y consigo mismo, tal vez le haya concedido esta facultad. Que no encuentro en geniales estilistas, ni novelistas de poderosa potencia creadora. Como los viejos tememos la soledad, el tono de la expresión jesuita, al tiempo erudito y sencillo, nos hace mucho bien.

Deseo para Vdes muy felices Pascuas y una Primavera cuajada de esperanzas como de brotes.

Con nuevas gracias y el ruego de un saludo mío a la ilustres y piadosa Comunidad, queda de Vd. affmo amigo, q. b. s. m.

Ramón Otero Pedrayo

* * *

Finalmente, velaquí o texto da terceira carta dirixida ao mesmo destinatario:

Trasalba, Ourense 29 xaneiro 1971

Rev. P. Vicente Lousa Rodríguez S. J.
Santiago de Compostela

Meu Sr. e querido amigo:

Sempre me aleda voltar á miña vella casa de Trasalba. Pro onte cando cheguei, xa no empardecen, meu gozo foi duplicado pois agárdame por min o máis agradecido regalo, a Crónica fermosa, emozoante, das obras da Compañía polo mundo. Un libro cheo de sorrisas, de homildade, de latexos da intelixencia a prol da fraternidade. Un libro que é un consóo. As frentes queimadas polo estudo locen como frentes de nenos agardando o bico das nais. Hai velliños que acusan os caracteres de raza e xente en absoluta adicación. Infundas graciñas. Dispoña, anque de pouco lle pode servir un vello de min e faga o favor de expresar á Comunidade meu recordo e respeto.

B. A. M.

Ramón Otero Pedrayo

Nota: As siglas B. A. M. que preceden a sinatura e rúbrica de Otero Pedrayo poderían ser as iniciais de «Bica a man».

Manuel Cabada Castro